

RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2018, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización da segunda parte do segundo exercicio

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do Parlamento do 1 de agosto de 2018 para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2018 (DOG nº 93, do 16.05.2018) acordou, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, que a segunda parte do segundo exercicio terá lugar o **día 7 de febreiro de 2019, ás 10.00 horas**, na sala Rosalía no 2º andar do Parlamento de Galicia, en chamamento único que se iniciará ás 10.00 horas

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Poderá optarse por levar a cabo o exercicio con un ordenador –non conectado a ningunha rede- que será proporcionado polo Parlamento.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Tampouco se permitirá a consulta de manuais, nin de textos legais ou xurisprudenciais.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019



Xosé Antón Sarmiento Méndez

Presidente do tribunal